



BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A DIRECCIÓN DA BANDA ARTÍSTICA DE MERZA

A Xunta Directiva da Banda Artística de Merza convoca un proceso de selección para cubrir o posto de Director/a da Banda, de acordo coas seguintes bases:

1. Obxecto da convocatoria

O obxecto desta convocatoria é a selección dunha persoa que asuma a dirección artística e musical da Banda Artística de Merza, encargándose da preparación, coordinación e realización das actividades musicais da agrupación.

2. Requisitos das persoas aspirantes

As persoas candidatas deberán cumprir os seguintes requisitos no momento de presentar a solicitude:

1. Ser maior de idade.
2. Estar en posesión do título de profesor superior de música en calquera das súas especialidades.
3. Ter experiencia previa en dirección de bandas ou agrupacións musicais.
4. Presentar a documentación requirida nos prazos establecidos.

3. Documentación a presentar e prazo de inscrición

As persoas aspirantes deberán enviar:

- Curriculum Vitae actualizado, no que conste formación, experiencia e actividades relevantes.
- Carta de motivación, explicando o interese polo posto e a súa visión artística.
- Programación anual proposta (Fase 1), segundo o descrito no apartado 5.

Todo o anterior deberá enviarse por correo electrónico ao enderezo artisticademerza@artisticademerza.com antes das 14:00 do 20 de decembro de 2025.



4. Estrutura do proceso selectivo

O proceso constará de dúas fases eliminatorias.



5. Primeira fase: Programación anual

As persoas aspirantes deberán presentar un proxecto onde explicarán a motivación e xustificación da candidatura, ademais dunha programación anual que incluírá obrigatoriamente cinco concertos, especificando contidos musicais, obxectivos artísticos e liñas de traballo.

Os concertos obrigatorios serán:

1. Concerto de Reis, repertorio para público infantil.
2. Concerto de Semana Santa.
3. Concerto de Santa Icíá.
4. Concerto Popular: repertorio aberto ao público xeral.
5. Concerto 200º Aniversario (2028)

A programación será avaliada pola Xunta Directiva e unha comisión musical segundo criterios de coherencia artística, viabilidade, calidade musical e adecuación ao carácter da banda.

Só pasarán á segunda fase as persoas que acaden unha valoración positiva do tribunal.

6. Segunda fase: Proba práctica

As persoas seleccionadas na primeira fase participarán nunha proba práctica coa Banda Artística de Merza no mes de xaneiro, non sendo esta antes do 20 de dito mes.

Durante esta fase, cada aspirante traballará un repertorio consensuado entre o/a aspirante e a xunta directiva.



Ao remate do proceso, a propia banda emitirá unha puntuación baseada en:



1. Claridade e eficacia na dirección.
2. Organización e aproveitamento do ensaio.
3. Trato persoal, comunicación e capacidade motivadora.
4. Competencia técnica e musical.

7. Valoración final

A persoa que acade a maior puntuación na segunda fase será proposta como Director/a da Banda Artística de Merza, podendo quedar esta deserta se ningún candidato ou candidata acada a puntuación suficiente.

8. Resolución

A resolución final será comunicada publicamente polos canais oficiais da banda e por correo electrónico ás persoas participantes.

9. Aceptación das bases

A participación neste proceso implica a aceptación plena das presentes bases.

En Merza a 25 de novembro de 2025